

Revista trimestral



PC CEIPRAQUEL RC CAMACHO

A Coruña_marzo_2023

VOZ NATURA

ENTROIDO

A horta en disfraces divertidos

RETO INTERCENTROS

FAIME RIR

Chistes para escachar coa risa

RECOMENDACIÓNS

QUE LER?

Libros para a primavera



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

VIVEIRO

expres

ENTROIDO 2023

A HORTA EN DISFRACES

Adrián Val Agrazo, de 6º A de Educación Primaria, escríbenos unha pequena crónica sobre a

O **Entroido** é unha festa de carácter tradicional que se celebra entre os meses de febreiro e marzo. O Entroido celébrase tamén en Galicia con características particulares, con

volta a normalidade nun festival de Entroido moi conectado con Voz Natura este curso.

disfraces e esmorgas moi diferenciadas entre diversas poboacións. Son coñecidos os entroidos de Xinzo de Limia, Laza, Verín, Vila de Cruces, A Estrada, Vilaboa e outros moitos...



O Entroido no noso colexio foi moi especial este ano... sobre todo para min que estiven narrando!!!

Paseino moi ben e podo dicir o mesmo dos meus compañeiros e

compañeiras.

A festa xirou en torno á **agricultura e gandería**.

A nosa clase foi de labregos e bailamos moi ben!!! ■




RETO INTERCENTROS


FAIME RIR EN TRES COLES

No noso centro este curso quixemos exportar boa onda e

decidimos propoñerlles aos veciños participar no noso reto.



Na **primeira fase** do concurso, os chistes enviados en cada ciclo competían entre si e o equipo de galego do colexio (o [EDLG](#)) escolleu tres finalistas en cada ciclo. O [EDLG](#) tívoo moi difícil porque a participación foi maior á do curso pasado. Quedou claro clarinete que rapazada do Raquel é un chisco máis simpática ca Mércores Addams.



E na **segunda fase**, eses chistes finalistas nosos rivalizaban cos dos outros dous centros: o [CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma](#) e o [CEIP Plurilingüe de Prácticas](#). Na **votacións** dos vídeos gañadores participaron todas as clases das tres escolas. Pero nada, non tivemos sorte e os chistes elixidos non pertencían ao noso cole. Puah, puah puah, puaaaah! Tranquilidade, non nos veñamos abaixo. Malo será que, coa graza que temos, o ano que vén non gañemos nin sequera unha etiqueta de Anís del Mono. ■

DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ 2023

VENTOS DE PAZ

Dora Leis Prego, de 6º B de Educación Primaria, relata o

que significou para ela un día tan sinalado no calendario.

O día da paz é unha celebración para conmemorar a paz no mundo e onde todos xuntámonos para demostrar o **que pasaría se o ser humano colaborara consigo mesmo**, que é que este mundo melloraría significativamente. Non habería máis guerras ou conflitos e todos conviviríamos en **harmonía**.



Vexo esta **conmemoración** moi importante e **necesaria** (non hai que esquecer que aínda hoxe hai moitas mulleres torturadas e maltratadas, moitos nenos e nenas que sofren de *bullying*, moita xente ridiculizada pola súa orientación sexual ou xénero...), porque reúne a moitas persoas, sen depender da súa cor de pel, relixión, xénero, orientación sexual...

Todas e todos sabemos o que está pasando en **Ucráina**, o cal é moi triste. Pero hai que ter esperanzas en que a guerra remate pronto e que non volva pasar algo parecido nunca. ■

VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de ter un

ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

MANDALA DO DÍA DA PAZ DE ORIENTACIÓN ANDÚJAR




SOPAS DE LETRAS


O noso **horto urbano** produce algún destes **produtos**. Veña, atopa 12!

Nivel
SINXELO

ALLO
CABAZA
CEBOLA,CEBOLO
CENORIA
CHÍCHARO
FABA, LEITUGA
PATACA
PEMENTO
PIRIXEL
REPOLO



Vivir nunha **casa** digna é un dereito irrenunciábel! 12 partes da casa.



Nivel
MEDIO


CUBERTO, CHEMINEA
COLUMNNA, FECHADURA
FIESTRA, GALERÍA
LOUSA, PAREDE
PEITORIL
PORTA, SOPORTAL
TELLADO

XEROGLÍFICO

Que hai de sobremesa despois do cocido?



5 DIFERENZAS ENTRE ESTAS DÚAS HORTIÑAS



COCIDO DE LETRAS

Risca as letras que se repiten en cada fila. Coas restantes deberás formar unha palabra que aparece neste folleto trimestral.

M	O	i	L	M	N	N	L	i	F	O	D	F
R	T	i	T	S	S	T	N	F	N	T	F	R
U	B	U	O	B	S	G	Ñ	Z	G	Z	Ñ	O
Z	C	Z	F	V	Q	X	X	Q	V	N	N	C
X	P	T	P	R	E	Ñ	E	U	T	Ñ	U	X
Q	F	F	A	C	Z	Z	G	R	R	Q	C	G
V	V	B	T	U	i	M	i	T	B	M	C	U
R	D	N	H	E	A	Ñ	Ñ	A	H	N	D	R




Escribe aquí a solución ao COCIDO DE LETRAS

RECOMENDACIÓN LECTORAS PARA A PRIMAVERA



QUE LER?


EDUCACIÓN INFANTIL



O PASEO DE ROSALÍA de Pat Hutchins. Rosalía a pita, non a poeta, ten unha aventura pola granxa.

+ INFO: [Kalandraka](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



ADELAIDE de Tomi Ungerer. Libro cheo de aventuras emocionantes con xente diversa.

+ INFO: [Kalandraka](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



MURIEL de María Canosa. A vida de Muriel volveu mudar cando coñeceu un raposo e a Fígaro.

+ INFO: [Xerais](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



OTRO MUNDO A LA VUELTA E LA ESQUINA de Violeta Monreal. Un mundo mellor é posible.

+ INFO: [Anaya](#) ■

CAVILAR SEMPRE TEN PREMIO!

Xa resolviches o cocido de letras, non si? Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoir e recortas este papel pola liña e entrégaslo ao teu ou á túa profe.

Logo, tócache agardar o sorteo. Conseguirás premio?

Data límite de entrega: venres, 14 de abril de 2022.

NOME E APELIDOS:

CURSO: ETAPA: